

Lei Orgánica 2/1997, de 19 de xuño, reguladora da cláusula de conciencia dos profesionais da información

Sumario:

- * Artigo 1.
- * Artigo 2.
- * Artigo 3.
- * DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.
- * DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

Don Juan Carlos I,
Rei de España.

A todos os que a presente vieren e entendieren, sabede:

Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu veño en sancionar a seguinte Lei Orgánica:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución Española de 1978 introduciu na súa parte dogmática o recoñecemento do dereito dos profesionais da información á cláusula de conciencia. E se ben é certo que este dereito estaba xa recoñecido pola lexislación ordinaria, con diferentes graos de garantía, en diversos estados democráticos, a achega do texto constitucional español foi a de o integrar como elemento constitutivo do dereito fundamental a recibir e comunicar información.

A forza normativa da Constitución dotou a este dereito de plena eficacia xurídica desde a súa promulgación e, en consecuencia, a súa esixibilidade xurídica vincula a poderes públicos e a particulares. Pero dito isto, é necesario precisar o seu contido, con obxecto de asegurar o seu correcto exercicio por parte dos profesionais da información como destinatarios básicos deste dereito específico e, ó mesmo tempo, proporcionar á liberdade de expresión e ó dereito á información un instrumento xurídico imprescindible que garanta o seu exercicio efectivo nun Estado Social e Democrático de Dereito.

Esta Lei Orgánica segue a liña trazada polo Tribunal Constitucional de instar ós poderes públicos, e, xa que logo, ó Parlamento a levar a termo accións positivas en defensa dos dereitos fundamentais, asegurando a imprescindible complementariedade dos valores constitucionais de liberdade e igualdade. Neste sentido, o seu articulado responde á necesidade de outorgar ós profesionais da información un dereito básico na medida en que eles son o factor fundamental na produción de informacións. O seu traballo está presidido por un indubidable compoñente intelectual, que nin os poderes públicos nin as empresas de comunicación poden esquecer. A información non pode ser obxecto de consideracións mercantilistas, nin o profesional da información pode ser concibido como unha especie de mercenario aberto a todo tipo de informacións e noticias que son difundidas na marxe do mandato constitucional de veracidade e pluralismo.

En consecuencia, os elementos definidores desta Lei Orgánica teñen un dobre punto de partida: en primeiro lugar, a consideración do profesional da información como axente social da información, que exerce o seu traballo baixo o principio ineludible da responsabilidade; e, en segundo lugar, a concepción das empresas de comunicación como entidades que, máis alá da súa natureza xurídica -empresas públicas ou privadas-, participan no exercicio dun dereito constitucional, que é condición necesaria para a existencia dun réxime democrático.

Artigo 1

A cláusula de conciencia é un dereito constitucional dos profesionais da información que ten por obxecto garantir a independencia no desempeño da súa función profesional.

Artigo 2

1. En virtude da cláusula de conciencia os profesionais da información teñen dereito a solicitar a rescisión da súa relación xurídica coa empresa de comunicación en que traballen:

Cando no medio de comunicación co que estean vinculados laboralmente se produza un cambio substancial de orientación informativa ou liña ideolóxica. Cando a empresa lles traslade a outro medio do mesmo grupo que polo seu xénero ou liña supoña unha ruptura patente coa orientación profesional do informador.

2. O exercicio deste dereito dará lugar a unha indemnización, que non será inferior á pactada contractualmente ou, no seu defecto, á establecida pola Lei para o despedimento improcedente.

Artigo 3

Os profesionais da información poderán negarse, motivadamente, a participar na elaboración de informacións contrarias ós principios éticos da comunicación, sen que iso poida supor sanción ou prexuízo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas todas aquelas disposicións que se opoñan ó establecido na presente Lei Orgánica.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Lei Orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Xa que logo, mando a todos os españois, particulares e autoridades que garden e fagan gardar esta Lei Orgánica.